



RESOLUCIÓN DA SECRETARÍA XERAL DE CALIDADE E AVALIACIÓN AMBIENTAL POLA QUE SE APROBA O DOCUMENTO DE REFERENCIA PARA A AVALIACIÓN AMBIENTAL ESTRATÉXICA DO PROXECTO SECTORIAL DO POLÍGONO INDUSTRIAL DE A PASAXE (CONCELLOS DE GONDOMAR E VIGO, PROVINCIA DE PONTEVEDRA)

O Instituto Galego da Vivenda e Solo ten iniciado os traballos para a elaboración do Proxecto sectorial do polígono industrial de A Pasaxe. Nese senso, con data 5 de decembro de 2008, recíbese na anteriormente denominada Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible o Documento de inicio no que se recollen de xeito resumido os principais obxectivos e características do Proxecto.

De conformidade coa *Lei 6/2007, do 11 de maio, de medidas urxentes en materia de ordenación do territorio e do litoral de Galicia* (DOG de 16 de maio de 2007), serán obxecto de avaliación ambiental estratéxica os instrumentos de ordenación do territorio regulados na *Lei 10/1995, do 23 de novembro, de ordenación do territorio de Galicia*.

O artigo 7 de dita Lei 6/2007 integra nun solo procedemento a avaliación ambiental estratéxica establecida pola *Lei 9/2006, do 28 de abril, sobre a avaliación dos efectos de determinados plans e programas no medio ambiente* (BOE de 29 de abril de 2006), e o procedemento de aprobación do planeamento recollido na Lei 10/1995.

O órgano ambiental elaborará un Documento de referencia no que se determine a amplitude, nivel de detalle e o grao de especificación que deberá ter o Informe de sustentabilidade ambiental a elaborar polo órgano promotor como parte integrante do Proxecto, se establezan os criterios ambientais estratéxicos e principios de sustentabilidade aplicables en cada caso, se definan as modalidades de información e consulta ás que deberá ser sometido o Proxecto, e se identifiquen as Administracións Públicas afectadas e o público interesado aos que deberán realizarse ditas consultas.

Á vista do antedito, esta Secretaría Xeral resolve aprobar o Documento de referencia para a avaliación ambiental estratéxica do Proxecto sectorial do polígono industrial de A Pasaxe, que se xunta como Anexo I. As respostas recibidas ás consultas realizadas para a elaboración do Documento de referencia figuran no Anexo II.



O que se comunica ao Instituto Galego da Vivenda e Solo, para a súa consideración no proceso de planificación e se fai público mediante a súa inserción na web da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas.

Santiago de Compostela, 25 de xaneiro de 2010

O Secretario Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental

Asdo. : Justo de Benito Basanta



ANEXO I

DOCUMENTO DE REFERENCIA para a avaliación ambiental estratéxica (AAE) do Proxecto sectorial do polígono industrial de A Pasaxe (concellos de Gondomar e Vigo, provincia de Pontevedra)

1. Introducción

Con data 5 de decembro de 2008, preséntase na anteriormente denominada Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible a comunicación do inicio dos traballos para a elaboración do Proxecto sectorial do polígono industrial de A Pasaxe (en diante, Proxecto sectorial), xunto cun documento inicial no que se recollen de xeito resumido os principais obxectivos e características do ámbito do futuro Proxecto sectorial.

A *Lei 6/2007, do 11 de maio, de medidas urxentes en materia de ordenación do territorio e do litoral de Galicia* (DOG de 16 de maio de 2007), integra no seu Capítulo II, para os instrumentos de ordenación do territorio, nun solo procedemento a **avaliación ambiental estratéxica** establecida pola *Lei 9/2006, do 28 de abril, sobre a avaliación dos efectos de determinados plans e programas no medio ambiente* (BOE de 29 de abril de 2006), e o **procedemento de aprobación do planeamento** recollido na *Lei 10/1995, do 23 de novembro, de ordenación do territorio de Galicia*, desenvolto no referente aos plans e proxectos sectoriais de incidencia supramunicipal polo Decreto 80/2000, do 23 de marzo.

Estudado o **Documento de inicio** e tras realizar consultas coas Administracións Públicas afectadas e o público interesado, do 16 de xaneiro ao 16 de febreiro de 2009, elaborouse o presente **Documento de referencia** para este Proxecto sectorial promovido polo Instituto Galego da Vivenda e Solo.



2. Metodoloxía para a avaliación ambiental estratéxica do Proxecto sectorial

O presente Documento de referencia guiará ao órgano promotor no proceso de avaliación ambiental estratéxica e ten por obxecto garantir a integración dos criterios de sustentabilidade na toma de decisións do planeamento. Para isto, determínanse as **variables e criterios de sustentabilidade** que serán a base para o análise das alternativas propostas e para a avaliación dos efectos da alternativa finalmente seleccionada.

O estudo das posibles alternativas mediante a súa confrontación cos criterios establecidos para as variables ambientais, así como a selección da alternativa que finalmente se consolide como proposta definitiva de proxecto, plasmarase nun **Informe de sustentabilidade ambiental (ISA)**, cuxa amplitude e nivel de detalle se determina neste mesmo Documento de referencia.

A **versión preliminar do Proxecto** que inclúa as alternativas refugadas e as súas avaliacións (Proxecto do que forma parte integrante o ISA) serán sometidas ao **proceso de participación e consultas** establecido neste mesmo Documento de referencia. O resultado de dito proceso recollerase nun **Informe sobre a participación e as consultas** no que se describa o procedemento seguido e se xustifique como se toman en consideración as observacións e alegacións realizadas, así como os informes sectoriais recibidos.

Realizadas as consultas e con carácter **previo á aprobación definitiva**, remitiranse ao órgano ambiental o documento do Proxecto para aprobación definitiva, do que forma parte o Informe de sustentabilidade ambiental; o Informe sobre a participación e as consultas; e unha **proposta de Memoria ambiental**.

Con esta información, o órgano ambiental redactará nun prazo de 3 meses dende a súa recepción, a **Memoria ambiental**, a través da cal validará o procedemento de avaliación ambiental estratéxica, podendo establecer condicionantes que serán vinculantes para o planeamento e que deberán quedar recollidos no documento que se aprobe definitivamente.



Unha vez aprobado o Proxecto definitivamente, o órgano promotor cumprirá os requirimentos de **publicidade** establecidos no artigo 14 da Lei 9/2006, poñéndoo a disposición do órgano ambiental, das Administracións Públicas consultadas e do público afectado, xunto coa documentación especificada no mesmo artigo.

Finalmente, o órgano promotor realizará un seguimento dos efectos na sustentabilidade da aplicación ou execución do Proxecto sectorial, no que o órgano ambiental poderá participar.

Pasos a seguir no procedemento de AAE recibido o Documento de referencia

Fase	Obxectivos	Accións	Plásmase en...	Organismo responsable
Análise de alternativas e determinación de efectos ambientais	Estudar as alternativas posibles e confrontalas coas variables e criterios de sustentabilidade establecidos	Análise da alternativa cero e proposta de outras alternativas Integración dos criterios de sustentabilidade Selección da alternativa	Elaboración do Proxecto Informe de sustentabilidade ambiental (ISA)	órgano promotor
Versión preliminar do Proxecto sectorial				
Participación e consultas	Fomentar a transparencia e a participación cidadá	Realizar as consultas establecidas no Documento de referencia Facilitar a participación do público interesado Considerar os resultados do proceso de participación e consultas	Publicidade e posta a disposición do público e realizar as consultas do Proxecto e do ISA nas modalidades establecidas neste documento Resposta ás alegacións e elaboración do documento de información e consultas	órgano promotor
Validación do procedemento	Valorar a integración dos criterios de sustentabilidade na proposta de Proxecto	Analizar o proceso de AAE, o ISA e a súa calidade Avaliar o resultado das consultas e como se tomaron en consideración Analizar os efectos ambientais da aplicación do Proxecto	Memoria ambiental	órgano ambiental
Proposta definitiva do Proxecto	Integrar os resultados da AAE	Redactar a proposta definitiva do Proxecto tomando en consideración os condicionantes da Memoria ambiental	Proposta definitiva do Proxecto (documento para Aprobación definitiva)	órgano promotor
Aprobación definitiva do Proxecto sectorial				
Publicidade				
Seguimento				

¹No caso de que as alegacións ou comentarios recibidos no período de consultas impliquen modificacións significativas da versión preliminar do Proxecto sectorial, deberanse estudar os efectos da nova proposta na sustentabilidade ambiental e someter o novo documento a outro período de participación e consultas.



3. Breve descripción do planeamento

O ámbito do Proxecto sectorial abrangue terreos dos concellos limítrofes de Gondomar, maioritariamente, e Vigo, na provincia de Pontevedra. O concello de Vigo conta cun PXOM aprobado definitivamente de forma parcial en maio de 2008, que clasifica a pequena parte dos terreos pertencentes ao ámbito como solo urbano consolidado industrial. Pola contra, o concello de Gondomar carece na actualidade de instrumentos de planeamento municipais, rexéndose polas Normas complementarias e subsidiarias de planeamento da provincia de Pontevedra, de abril de 1991.

Neste ámbito existe unha trama industrial consolidada que creceu á marxe do planeamento, o actual polígono industrial de A Pasaxe. Ao longo do tempo leváronse a cabo varios intentos de regularizar esta situación pero, en abril de 2008 o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia anulou o PXOM de Gondomar de 1997, quedando o concello sen ningún instrumento de planeamento municipal e anulando por tanto todos os proxectos creados ao amparo deste Plan.

O obxectivo deste Proxecto sectorial é regularizar a situación das empresas instaladas no devandito polígono, ao tempo que satisfacer a demanda de solo industrial na área metropolitana de Vigo.

A superficie aproximada do ámbito é de 63 ha, e engloba o actual polígono industrial de A Pasaxe e a súa ampliación cara o oeste ata o río Zamáns, limitando polo norte do concello de Vigo e polo sur coa autoestrada AG-57 (Puxeiros-Valmiñor). No interior do ámbito atópase o enlace de Vincios que comunica a estrada PO-331 coa AG-57. Ao longo das estradas da rede primaria complementaria PO-331 e PO-330 foron crecendo as edificacións do polígono, formando parte, na actualidade, do viario interior do mesmo.

A orografía dos terreos é suave e predominan repoboacións de especies de crecemento rápido para aproveitamento forestal como o piñeiro e sobre todo o eucalipto, así como carballos, loureiros, sabugueiros e mato a base de toxo. Na beira dos cursos de auga existentes pódese atopar de forma discontinua cordóns ripícolas.

No interior do ámbito non se teñen identificado espazos ou elementos naturais catalogados. Respecto aos elementos do patrimonio arqueolóxico, o Documento de inicio dá conta da existencia deles no entorno do ámbito, de xeito que parte da súa área de



respecto quedaría inserida nel. Estes elementos son os petroglifos e a mámoa da Gándara.

A presenza da autopista (AG-57) así como dun asentamento importante de empresas realizando actividades industriais repercutiron nun deterioro importante deste espazo, dotándoo dun carácter urbano. A nivel local, o polígono industrial de A Pasaxe é un motor da economía e ten unha grande importancia no ámbito socioeconómico.

A rede de abastecemento consiste nunha condución que discorre ao longo da PO-330. Para o saneamento existe unha liña que discorre ao longo da PO-330 e desemboca nun colector secundario que continúa ata a EDAR de Gondomar.

Á zona chegan varias liñas de media e baixa tensión procedentes da subestación de Valadares.

Respecto á presenza de riscos naturais no medio, cómpre destacar que certas zonas da parte occidental do ámbito están catalogadas como zonas de avenida de prioridade media (Ría de Vigo - Río Miñor) polo Plan Hidrolóxico Galicia Costa (PHGC). O concello de Gondomar está considerado zona de alto risco de incendios segundo a Orde do 18 de abril do 2007 pola que se zonifica o territorio en base ao risco espacial de incendio forestal.



4. Variables, criterios de sustentabilidade e nivel de detalle do estudo para a avaliación ambiental estratéxica do Proxecto sectorial

Variables sobre as que o planeamento produce afeccións ou polas que se ve afectado.

Criterios a aplicar sobre as variables orientadas cara unha planificación sustentable.

Nivel de detalle co que se deben analizar as implicacións dos criterios establecidos para as variables.

Variable	Criterios	Nivel de detalle
Paisaxe	Favorecer a integridade paisaxística	<ul style="list-style-type: none"> Realizar un estudo paisaxístico previo que considere a cunca visual dende a área de estudo como ámbito de influencia. Preservar, protexer e poñer en valor as compoñentes e elementos de interese paisaxístico. Contribuír á recuperación de compoñentes ou elementos que favorezan a calidade paisaxística. Integrar as actuacións e estruturas que propoña o planeamento na paisaxe existente.
Natureza	Preservar a integridade funcional dos sistemas naturais	<ul style="list-style-type: none"> Identificar os espazos que estean baixo algunha figura de protección especial, así como a vexetación de ribeira, as masas de frondosas autóctonas, humidaís, ou calquera outro espazo que polo seu valor natural e ecolóxico requira algún tipo de protección. Protexer os valores naturais susceptibles de ser preservados. Establecer zonas de transición que sirvan de amortecemento ante posibles afeccións sobre os espazos máis vulnerables. Contribuír á continuidade física e funcional dos sistemas naturais tanto dentro do ámbito como fóra del.
	Xestionar a funcionalidade propia dos recursos naturais	<ul style="list-style-type: none"> Potenciar a relación humana coa natureza mediante a restauración e posta en valor dos diferentes elementos naturais, patrimoniais, culturais e identitarios e o fomento da súa utilización de xeito compatible coas súas propias características e as do entorno inmediato no que se insiren. Garantir o acceso para o uso e disfrute dos espazos naturais acorde coas súas características. Pular pola repoboación con especies arbóreas autóctonas. Axeitar a intensidade dos usos á capacidade de acollida do medio.
Patrimonio	Preservar e valorizar os elementos patrimoniais	<ul style="list-style-type: none"> Identificar os elementos patrimoniais destacables. Preservar os elementos patrimoniais identificados e establecer medidas para o seu legado. Promover a posta en valor dos enclaves de interese histórico, cultural, identitario, artístico, arquitectónico e arqueolóxico.



Variable	Critérios	Nivel de detalle
Sociedade e economía	Considerar a estrutura demográfica e socioeconómica do ámbito e da área de influencia	<ul style="list-style-type: none"> • Analizar a coherencia da asignación do uso do ámbito como parque empresarial considerando as condicións demográficas e socioeconómicas actuais da área de influencia. • Analizar as oportunidades económicas do territorio e a súa área de influencia e realizar unha previsión das necesidades en función da estrutura económica actual e prevista. • Favorecer a ocupación dos postos de traballo xerados no parque por poboación do ámbito de influencia. • Garantir unha dotación de equipamentos e infraestruturas axeitada ás necesidades económicas previstas. • Pular por unha maior eficiencia das actividades económicas e da súa localización minimizando as súas afeccións sobre o medio e os recursos.
	Favorecer un entorno de traballo saudable e seguro	<ul style="list-style-type: none"> • Considerar a saúde da poboación á hora da localización e o deseño dos diferentes espazos e actividades previstos. • Pular pola redución das situacións de risco de enfermidades e de riscos laborais.
	Garantir a non exclusión	<ul style="list-style-type: none"> • Facilitar o acceso á formación e información dos diferentes colectivos que existan no ámbito de influencia.
	Favorecer a cohesión social	<ul style="list-style-type: none"> • Pular polo aumento das posibilidades de relación entre os usuarios do parque mediante a creación de espazos de encontro de calidade, ben comunicados e con diferentes tipoloxías en función das características da poboación. • Favorecer o acceso aos citados espazos, así como aos servizos comunitarios e á información sobre a existencia e funcionamento dos mesmos. • Estimar as necesidades de infraestruturas e dotacións necesarias para a conciliación da vida familiar e da vida laboral dos traballadores.



Variable	Critérios	Nivel de detalle
Medio industrial	Contribuír á creación dun entorno de traballo de calidade	<ul style="list-style-type: none"> • Contribuír a un deseño dos espazos libres e de interacción coa natureza, coa cultura e coas persoas que sexan accesibles e de calidade. • Favorecer unha paisaxe industrial de calidade integrando as novas actuacións no entorno no que se asentan. • Establecer medidas que garantan o amortecemento das afeccións das actividades industriais no entorno das áreas residenciais e produtivas rurais. • Contribuír a unha zonificación e localización de equipamentos que favorezan unha conexión eficiente cos principais destinos, minimizando as distancias e facilitando modos de transporte máis eficientes.
	Optimizar a eficiencia das actividades económicas	<ul style="list-style-type: none"> • Pular pola aplicación dos principios da ecoloxía industrial. • Garantir unha dotación de equipamentos e infraestruturas axeitada ás necesidades industriais previstas.
	Pular pola eficiencia no aproveitamento das infraestruturas empresariais	<ul style="list-style-type: none"> • Garantir un elevado grao de materialización de proxectos empresariais previamente á urbanización. • Analizar os prazos e prioridades de execución do novo desenvolvemento en busca dun equilibrio temporal entre urbanización e edificación.
	Pular por unha edificación eficiente no consumo de recursos e na prevención da contaminación	<ul style="list-style-type: none"> • Analizar a posición dos edificios en función das características climáticas, a contaminación acústica ou o potencial aforro enerxético. • Analizar a posibilidade de aplicar criterios bioclimáticos no deseño e na construción das edificacións. • Fomentar o uso de materiais de construción sostibles.
Mobilidade	Reducir as necesidades de mobilidade	<ul style="list-style-type: none"> • Realizar unha análise das necesidades de mobilidade derivadas do novo ámbito industrial e a súa correspondente estimación dos Gases de Efecto Invernadoiro (GEI) ocasionados polos desprazamentos. • Optimizar a localización das alternativas de maneira que se de resposta aos obxectivos e á funcionalidade prevista e se minimicen os desprazamentos. • Deseñar propostas de ordenación que favorezan a redución dos desprazamentos do tráfico no interior do ámbito e a súa lonxitude.
	Facilitar unha conectividade eficiente cara aos principais destinos	<ul style="list-style-type: none"> • Deseñar itinerarios de interconexión con vías de alta capacidade adaptados ás características do tráfico previsto. • Fomentar unha ordenación que aumente a accesibilidade efectiva aos servizos e equipamentos. • Deseñar itinerarios axeitados ás necesidades de modos de desprazamento alternativos ao automóbil privado.



Variable	Critérios	Nivel de detalle
Enerxía	Promover o aforro no consumo enerxético	<ul style="list-style-type: none"> Pular pola redución da demanda global enerxética. Considerar a implantación de infraestruturas e instalacións enerxéticas eficientes no consumo. Fomentar a implantación de sistemas enerxéticos de baixo consumo, así como outras medidas de aforro enerxético nas instalacións.
	Pular polo uso de recursos enerxéticos renovables	<ul style="list-style-type: none"> Planificar a maximización da obtención de enerxía mediante recursos renovables.
Atmosfera	Controlar as emisións contaminantes	<ul style="list-style-type: none"> Identificar e localizar as principais fontes de calquera tipo de contaminación atmosférica: fisicoquímica, acústica, luminosa ou electromagnética, e realizar unha aproximación ao seu comportamento e natureza. Adoptar as medidas que sexan precisas para a redución dos tipos de contaminación identificados dos posibles xerados polo planeamento. Establecer medidas para minimizar os efectos sobre o medio dos tipos de contaminación identificados. Establecer mecanismos e medidas para a redución das emisións de Gases de Efecto Invernadoiro (GEI).
Ciclo hídrico	Garantir o funcionamento do ciclo hídrico en todas as súas fases e procesos	<ul style="list-style-type: none"> Estudar a capacidade e calidade dos recursos hídricos para abastecemento e saneamento. Estudar as afeccións existentes sobre as fases do ciclo hídrico. Considerar a permeabilización das zonas antropizadas de xeito que se favoreza a dinámica propia do ciclo hídrico. Xustificar calquera actuación nas zonas de policía nos cursos fluviais afectados polo desenvolvemento do ámbito.
	Garantir a viabilidade dos sistemas de abastecemento e saneamento en función das demandas estimadas a teito de planeamento	<ul style="list-style-type: none"> Estudar a utilización pública dos recursos hídricos (localización e sistemas de captación e retorno para o abastecemento e o saneamento). Estimar a utilización privada dos recursos hídricos (localización e sistemas de captación e retorno para o abastecemento e o saneamento). Considerar a utilización do recurso segundo as unidades de conca. Calcular a capacidade da solución prevista para o abastecemento tendo en conta a variabilidade estacional da demanda e dos recursos hídricos e considerando tanto o volume de auga bruta como a capacidade das infraestruturas e instalacións da rede. Garantir unha solución de depuración suficientemente dimensionada para as augas residuais acorde ás características das mesmas e a súa orixe industrial. Establecer medidas para reducir os riscos de contaminación das fontes de abastecemento.
	Promover o aforro no consumo dos recursos hídricos	<ul style="list-style-type: none"> Establecer medidas que posibiliten a redución no consumo de auga no sector. Pular pola eficiencia das infraestruturas e instalacións de abastecemento e saneamento.



Variable	Critérios	Nivel de detalle
Ciclos de materiais	Xestionar eficientemente os fluxos de materiais e residuos	<ul style="list-style-type: none"> Regular as actividades e procesos construtivos para minimizar o impacto do consumo dos materiais, e fomentar a reutilización e a reciclaxe. Potenciar a reutilización, a reciclaxe e a valorización dos materiais. Estimar a xeración de residuos segundo a súa tipoloxía. Prever unha dotación adecuada de espazos para a recollida, o tratamento e a xestión de residuos. Garantir o incremento da capacidade de recollida e tratamento de calquera dos tipos de residuos derivados do proxecto sectorial para a totalidade do seu ámbito.
Solo	Axustar os usos ao entorno e aos obxectivos propios deste planeamento	<ul style="list-style-type: none"> Actualizar a análise do estado do recurso solo, no tocante á distribución dos seus usos, o seu estado de conservación e a súa capacidade portante de cara á edificación. Evitar os espazos que dende o punto de vista litolóxico, topográfico ou xeomorfolóxico non sexan axeitados para a edificación. Considerar as previsións de calquera outro tipo de planeamento ou proxecto con repercusións no territorio e o seu ámbito de influencia. Definir e delimitar as necesidades ás que se debe dar resposta co desenvolvemento do sector industrial de modo coherente coa dinámica socioeconómica da súa área de influencia. Na zonificación do solo terase especial coidado cos sectores situados nas proximidades dos espazos protexidos, tanto naturais como patrimoniais, arqueolóxicos ou calquera outra protección ou espazo de especial valor. Quedarán salvagardados os espazos susceptibles de se ver afectados por riscos naturais e socioeconómicos. Establecer medidas que garantan o amortecemento das afeccións das actividades industriais no entorno das áreas residenciais e produtivas rurais. Entre elas poderían figurar o deseño de filtros verdes ou pantallas vexetais. Evitar a fragmentación do territorio e a formación de barreiras que produzan ruptura na continuidade dos distintos usos previstos, así como dos hábitats naturais. Xustificar a idoneidade da zonificación con respecto ás demais variables estudadas.
	Pular por un desenvolvemento ordenado e eficiente	<ul style="list-style-type: none"> Identificar solucións de localización posibles dentro da ordenación do territorio que permitan o cumprimento dos obxectivos que se procuran. Xustificar a localización dos espazos e actividades previstos con criterios de evolución do territorio no ofrecemento dos servizos e infraestruturas para a poboación e na preservación da funcionalidade do entorno. Favorecer unha estratexia de actuación que considere os criterios de sustentabilidade establecidos como prioridade para o interese colectivo.
	Considerar a mobilidade como variable fundamental na formulación das alternativas	<ul style="list-style-type: none"> Analizar as necesidades de mobilidade que requira o planeamento e ordenar en consecuencia, procurando minimizalas e aumentar a eficiencia dos modos de transporte.



5. Consideracións para un polígono industrial sustentable

O presente Documento de referencia ten por obxecto servir de axuda na integración de criterios de sustentabilidade nos procesos de toma de decisións que se produzan durante a elaboración do Proxecto sectorial do polígono industrial de A Pasaxe.

Ao respecto do proceso de avaliación ambiental estratéxica

A lóxica global do proceso de avaliación ambiental estratéxica establecido pola Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas, precisa dunha definición clara de obxectivos concretos e cuantificables tanto para a globalidade do planeamento, como para cada unha das variables que se establecen no presente Documento de referencia e que se consideran clave na promoción da sustentabilidade na elaboración do Proxecto sectorial.

Para acadar estes obxectivos, existen múltiples opcións que se poden plasmar en diferentes alternativas que terán que ser valoradas en función da integración dos criterios de sustentabilidade establecidos neste documento. Finalmente, se deberá explicar razoadamente como a alternativa seleccionada contribúe aos obxectivos establecidos con anterioridade.

Na valoración das alternativas deberase incluír a valoración da alternativa 0, entendida como evolución previsible en ausencia de planeamento, máis que por considerala unha alternativa viable trátase de motivar a necesidade do planeamento.

Ademais, uns obxectivos claramente definidos facilitarán o establecemento dun sistema de indicadores para os que se establecerá un axeitado mecanismo de medición e seguimento que permita avaliar o desenvolvemento previsto no planeamento.

Calquera actuación sobre o entorno terá efectos que deberán ser identificados e caracterizados en función da alternativa seleccionada, e será sobre eses efectos sobre os que se establecerán medidas preventivas, correctoras ou mitigadoras.

Ao respecto das variables e criterios

A continuación preséntanse unhas consideracións que, ademais de supoñer unha maior concreción do nivel de detalle das variables consideradas neste Documento de



referencia, pretenden facilitar o estudo dos efectos de tipo sinérxico ou acumulativo que se produzan entre ditas variables.

Se ben o obxectivo principal do Proxecto sectorial é regularizar e ordenar o actual polígono industrial de A Pasaxe quedando, xa que logo, a súa localización determinada, debe facerse unha diagnose previa das necesidades empresariais que permita elixir a opción mais axeitada en canto ao tamaño e ordenación das instalacións do polígono na súa zona de expansión cara o oeste.

Por outra banda, debe realizarse unha diagnose previa da cantidade e tipoloxía dos residuos que previsiblemente poida xerarse no polígono de cara a facilitar a elección das solucións máis idóneas en cada unha das etapas da xestión de residuos. Ademais, promoverase a redución da cantidade de residuos que entran nos circuitos de xestión a través, por exemplo, do fomento do intercambio de residuos e a reutilización dos residuos recuperados entre as empresas así como as posibilidades de tratamento de residuos *in situ* e a tecnoloxía máis idónea para elo.

Nas diferentes fases do Proxecto sectorial (obras, explotación e abandono), deberase asegurar a correcta xestión de cada unha das tipoloxías de residuos xerados polas actividades.

Estableceranse medidas protectoras e/ou correctoras na fase de obras, na de explotación e na de abandono. Durante a fase de obra, adecuaranse antes do inicio das obras, zonas específicas para a instalación de distintos tipos de colectores nos que se fará o abasto e almacenamento dos distintos residuos, en condicións axeitadas de seguridade e hixiene, ata o seu envío ao xestor final autorizado.

Durante a fase de explotación o Proxecto deberá optar por algunha das dúas alternativas de xestión posibles: individualizada ou colectiva. No caso da xestión individualizada dos residuos por parte das empresas será condición indispensable para a implantación de calquera instalación ou empresa que dispoña dos medios e autorizacións necesarios para a correcta xestión dos seus residuos. A segunda alternativa baséase na xestión conxunta mediante a instalación dun centro específico para a clasificación e almacenamento dos residuos industriais xerados nas instalacións e empresas do polígono, que funcione a modo de centro de transferencia dos residuos dende as empresas produtoras ata os xestores finais. Neste centro realizaranse as tarefas de identificación e caracterización previa das mostras de residuos perigosos, recollida e transporte dos residuos, clasificación e agrupamento dos residuos, e expedición dos



residuos almacenados ata o xestor final. A instalación deberá dispor da autorización preceptiva, por parte da Secretaría Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental, para o almacenamento de residuos.

No caso de abandono de algunha instalación ou empresa implantada no polígono industrial, deberase clasificar, retirar e entregar os residuos existentes ou xerados a xestores autorizados no prazo máis breve posible.

Tamén se recomenda que o Proxecto recolla explicitamente a conveniencia da implantación de instrumentos que permitan demostrar o grao de responsabilidade e o compromiso co respecto ao medio ambiente das empresas que se instalen no polígono industrial. Por tales instrumentos enténdense os sistemas de xestión ambiental (EMAS, ISO 14001), os sistemas de xestión de calidade (ISO 9001) e os sistemas de prevención de riscos laborais para a xestión da seguridade e saúde dos traballadores (OHSAS 18001).

Outro factor a ter en conta no planeamento é a morfoloxía que presenta a área de estudo, prestando especial atención á distribución de pendentes da que se derivan os movementos de terra necesarios na fase de urbanización e que poden producir afeccións sobre dita morfoloxía, ademais de sobre o ciclo hídrico e a paisaxe. Ademais evitarase a ocupación de solos que presenten risco de inundación ou inestabilidade.

No caso do ciclo hídrico o planeamento debe garantir o seu funcionamento en todas as fases e procesos, pulando pola satisfacción axeitada das necesidades de abastecemento e saneamento do polígono sen interferir no funcionamento dos sistemas de abastecemento e saneamento das actividades económicas e das poboacións presentes no ámbito de influencia.

Por outra parte, débese identificar a dirección e os lugares polos que previsiblemente discorrerían verteduras accidentais para establecer dende o inicio determinacións dirixidas á súa prevención e control.

Terase en conta a presenza de espazos de interese natural no ámbito, como é o bosque de ribeira do río Zamáns e o seu afluente. A planificación garantizará unha ocupación do espazo que respecte dito espazo e non poña en perigo a súa conservación.

Na diagnose do Proxecto deberase valorar a posibilidade de conservación das especies autóctonas e o seu emprego para acondicionamento e axardinamento das zonas verdes.



Recoméndase a consideración do polígono industrial como un ecosistema industrial, constituíndose así nun sistema que aproveita as sinerxías das empresas que o integran para a optimización do seu funcionamento. Isto repercutiría directamente no incremento da súa competitividade e na minimización do consumo de recursos e da xeración de contaminación.

Tanto a ordenación como o deseño da urbanización e das edificacións farase con criterios que promovan a redución das necesidades de mobilidade e o consumo de recursos (solo, auga e enerxía). Así, integraranse aspectos a nivel de deseño dos edificios que permitan reducir as necesidades enerxéticas como poden ser a minimización das perdas de calor e o propicio de mecanismos de ventilación e refrixeración natural. Ou polo que se refire aos recursos hídricos pularase por un deseño que favoreza a eficiencia na utilización e de ser posible a súa reutilización.

Así mesmo ademais dunha ordenación que promova a redución da mobilidade estudaranse modos de desprazamento alternativos ao uso do vehículo privado considerando tanto as características das vías necesarias como o deseño e ubicación das infraestruturas que favorezan a intermodalidade.

Ademais, no tocante á enerxía, as determinacións do Proxecto sectorial incluírán solucións que optimicen a súa produción a partires de fontes renovables, para o que se identificarán os tipos de enerxía renovable máis axeitados tendo en conta a localización do polígono, as súas necesidades e as instalacións ás que se lle vai aplicar.

Con respecto ás actividades económicas deben estudarse as actividades presentes no ámbito de actuación que poidan verse prexudicadas co desenvolvemento do polígono industrial. Neste senso, a alternativa finalmente seleccionada deberá evitar a afección sobre outros usos produtivos ou, de non poder selo caso, presentar medidas dirixidas a minimizalo ou compensalo.

Así mesmo, aconséllase establecer criterios de compatibilidade/incompatibilidade tanto entre as actividades que poidan chegar a desenvolverse no interior do polígono como con respecto aos usos presentes no seu ámbito de influencia.

A prol de favorecer a aceptación do Proxecto e de evitar a conflitividade que poida xurdir dunha carencia informativa identificaranse aqueles aspectos que xeren maior preocupación na sociedade. Así mesmo resulta de gran importancia promover a



sensibilización, concienciación e participación no planeamento da poboación dos núcleos
sitos no entorno do Proxecto.



6. Indicadores de sustentabilidade

Os indicadores deberán funcionar como ferramentas de medición da evolución do planeamento cara o cumprimento dos obxectivos xerais da proposta de planeamento e os específicos para cada variable da sustentabilidade.

Os indicadores deben cumprir cunha serie de características básicas:

- Deben estar relacionados cos obxectivos de maneira que presenten a evolución da aplicación do planeamento cara ás intencións declaradas.
- Deben ser facilmente medibles e posibles de analizar en series temporais.
- Deben reflectir a evolución temporal, de xeito que podan analizarse para previr ou corrixir tendencias negativas.
- O seu número debe ser reducido, co obxectivo de ser facilmente comprensibles por todos os axentes implicados.
- Deben estar dispoñibles facilmente e non requirir de múltiples fontes de información para a súa obtención.

O sistema de indicadores permitirá avaliar a sustentabilidade do planeamento mediante o seguimento da evolución do Proxecto sectorial cara ao cumprimento dos obxectivos xerais propostos para o desenvolvemento do mesmo, así como dos obxectivos específicos establecidos para cada unha das variables enumeradas no apartado 4 do presente documento: paisaxe, natureza, patrimonio, sociedade e economía, medio industrial, mobilidade, enerxía, atmosfera, ciclo hídrico, ciclos de materiais e solo.

Asemade, os indicadores propostos para o sistema de seguimento, irán acompañados como mínimo da seguinte información: obxectivo que se pretende alcanzar co seu uso; descrición dos indicadores especificando as unidades de medida, a periodicidade e o alcance, e información sobre a metodoloxía de cálculo na que se incluía a lexislación aplicable e as ferramentas, responsable e lugar de medición.



7. Estrutura do Informe de sustentabilidade ambiental (ISA) do Proxecto sectorial

A) Estrutura do ISA

A estrutura e os aspectos que deberá integrar este documento serán os seguintes, en coherencia e desenvolvendo o establecido no anexo I da Lei 9/2006, do 28 de abril:

0. Determinación do ámbito de influencia.

Determinarase o ámbito de influencia do planeamento en función dos seus efectos previsibles. Este ámbito de influencia xeral considerarase a área de estudo e poderá variar segundo cada variable de sustentabilidade.

1. Análise obxectiva do entorno.

Realizarase unha descrición dos problemas e condicionantes ambientais, económicos e sociais da situación previa ao novo planeamento e que poden influír na súa intención.

Deberanse considerar, como mínimo, os seguintes aspectos:

- a) Análise obxectiva da situación actual que se pretende abordar co desenvolvemento do Proxecto sectorial, sinalando os condicionantes ambientais, económicos e sociais desta situación de partida no seu ámbito de influencia.
- b) Relación cos plans, programas e estratexias vixentes ou en proceso de elaboración ou revisión que poidan afectar ao planeamento, indicando a xerarquía e incidencia das principais medidas destes instrumentos.
- c) Identificación dos elementos estratéxicos do territorio en función das variables de sustentabilidade e caracterización da súa funcionalidade.

2. Definición de obxectivos.

Estableceranse os obxectivos xerais do Proxecto, e os específicos, para manter ou potenciar a funcionalidade dos elementos estratéxicos identificados.

Este apartado completárase cunha xustificación de como foron consideradas as variables de sustentabilidade na selección destes obxectivos.



3. Análise das alternativas.

Para acadar os obxectivos do planeamento poden existir múltiples opcións que se poden plasmar en diferentes alternativas. As alternativas máis viables deben ser definidas coa precisión necesaria para permitir a súa valoración e, ó mesmo tempo, deben ser o suficientemente sintéticas para facer operativo o proceso.

Estas alternativas propostas serán valoradas en base á integración dos criterios de sustentabilidade establecidos neste Documento de referencia, facendo referencia ademais, ás posibles dificultades (deficiencias técnicas ou falta de coñecementos e experiencia), á hora de recompilar a información requirida.

Entre as alternativas viables deberase incluír a alternativa 0, entendida como a evolución previsible do ámbito do Proxecto sectorial en ausencia de novo planeamento, máis que por considerala unha alternativa real, trátase de motivar a necesidade do planeamento.

Finalmente, explicarase razoadamente a selección da alternativa proposta como planeamento.

4. Identificación e caracterización dos efectos sobre o medio.

Identificaranse e analizaranse os posibles efectos estratéxicos da alternativa finalmente seleccionada sobre cada unha das variables de sustentabilidade establecidas neste documento.

A análise consistirá nunha valoración global dos efectos, tanto positivos como negativos, sobre cada unha das variables de sustentabilidade.

5. Deseño de medidas.

Deseñaranse as medidas necesarias tendo en consideración a natureza dos efectos estratéxicos da alternativa seleccionada sobre as variables de sustentabilidade, xa sexa para potencialos (no caso de que fosen positivos), ou para previlos, corríxilos ou compensalos (se fosen negativos).

6. Establecemento do plan de seguimento.

Considérase necesario establecer un plan de seguimento que permita coñecer a evolución das variables de sustentabilidade para, por unha parte, controlar os efectos



producidos sobre ditas variables, e por outra, comprobar o cumprimento dos obxectivos xerais e específicos propostos para cada variable no novo planeamento.

O plan de seguimento da sustentabilidade contará cun sistema de indicadores da evolución das variables enumeradas no apartado 4 do presente documento: paisaxe, natureza, patrimonio, sociedade e economía, medio industrial, mobilidade, enerxía, atmosfera, ciclo hídrico, ciclos de materiais e solo.

Estableceranse, na medida do posible, valores de referencia para os indicadores que permitan determinar a necesidade de aplicar as medidas e mecanismos previstos para corrixir os efectos negativos producidos e identificar con prontitude outros efectos adversos non previstos, ou ben para reconducir o Proxecto sectorial no caso de que non se estivera a producir unha consecución dos seus obxectivos, podendo levar á súa modificación ou revisión.

A proposta do plan de seguimento deberá considerar a participación do órgano ambiental no seguimento e establecer a periodicidade coa que se realizarán os informes, que serán de acceso público.

7. Informe sobre a viabilidade económica.

Incluirase un informe sobre a viabilidade económica das alternativas e das medidas dirixidas a fomentar os efectos positivos e prever, minimizar ou paliar, os efectos negativos e o establecemento do sistema de seguimento.

8. Análise da coherencia.

Analizarase a coherencia, por unha parte, entre a alternativa seleccionada e os obxectivos establecidos para o Proxecto sectorial; e por outra parte, entre estes obxectivos e a análise de partida que identificou os elementos estratéxicos do territorio.

9. Resumo non técnico.

Finalmente incluirase un resumo non técnico da información solicitada nos apartados anteriores.



B) Especificacións técnicas

Toda a información entregarase en formato impreso e dixital. A documentación cartográfica relativa á información requirida neste Documento de referencia presentarase en formato impreso e dixital, cun grao de detalle tal que posibilite avaliar o cumprimento dos criterios de sustentabilidade que contén dito documento. Así mesmo, no senso de facilitar o manexo desa información xeográfica por parte dos servizos técnicos desta Secretaría Xeral, na páxina web <http://aae.medioambiente.xunta.es/>, inclúese unha guía con especificacións técnicas para dita información xeográfica. Concretamente, establécense pautas respecto aos datos xeográficos e ao sistema xeodésico de referencia, resolución, xeralización (escalas) e formatos para os conxuntos de datos espaciais e metadatos.

O cumprimento destas pautas establecidas na guía indicada considerarase imprescindible para que a documentación do Proxecto sectorial que se remita á presente Secretaría Xeral se valore como completa.



8. Definición das modalidades de información e consulta e identificación das Administracións Públicas afectadas e público interesado

O artigo 9.2 da Lei 9/2006 sinala que durante a determinación do alcance do ISA, o órgano ambiental deberá definir as modalidades de información e consulta, así como identificar ás Administracións Públicas afectadas e ao público interesado.

Así pois, a fase de consultas sobre o documento de aprobación inicial do Proxecto sectorial, que incluíra o ISA, será realizada por parte do órgano promotor ás Administracións Públicas afectadas que se citan a continuación:

1. Administración Xeral do Estado:
 - Delegación do Goberno en Galicia.
 - Calquera ministerio cando o planeamento afecte a bens ou intereses da súa titularidade ou cando a lexislación sectorial correspondente o esixa.

2. Administración da Comunidade Autónoma de Galicia:
 - Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas:
 - Dirección Xeral de Infraestruturas (acerca das afeccións sobre as estradas e do impacto da actuación sobre a capacidade das mesmas).
 - Dirección Xeral de Mobilidade (acerca das cuestións relativas ao transporte).
 - Augas de Galicia (acerca da protección dos recursos hídricos e a súa dispoñibilidade para os usos previstos polo planeamento).
 - Consellería de Medio Rural:
 - Dirección Xeral de Conservación da Natureza (acerca dos espazos protexidos e os espazos de interese natural).
 - Consellería de Sanidade:
 - Dirección Xeral de Saúde Pública e Planificación.
 - Consellería de Economía e Industria:
 - Dirección Xeral de Industria, Enerxía e Minas (acerca dos usos e aproveitamentos industriais).
 - Dirección Xeral de Investigación, Desenvolvemento e Innovación (acerca da innovación tecnolóxica dos sectores industriais, de infraestruturas tecnolóxicas, de deseño industrial e de propiedade industrial).



- Calquera outra Consellería cando a ordenación proposta afecte a bens ou intereses da súa titularidade ou cando a lexislación sectorial correspondente o esixa.

3. Administración Local:

- Deputación provincial de Pontevedra.
- Concellos de Gondomar e Vigo.

Esta fase de consultas, e a posta a disposición do público do documento aprobado inicialmente, do que forma parte integrante o Informe de Sustentabilidade Ambiental, farase durante un prazo mínimo de **dous meses** (apartado 5 do artigo 7 da *Lei 6/2007, do 11 de maio, de medidas urxentes en materia de ordenación do territorio e do litoral de Galicia*), para o seu exame e formulación de observacións. Será nominal para as Administracións Públicas e realizarase mediante inserción do correspondente anuncio no Diario Oficial de Galicia para calquera outra persoa física ou xurídica que puidese estar comprendida como público interesado, segundo a definición dada polo artigo 10.2 da *Lei 9/2006, de 28 de abril, sobre avaliación dos efectos de determinados planes e programas no medio ambiente*.

Informe sobre a participación e as consultas

O órgano promotor responderá motivadamente ás observacións e alegacións que se formulen nas consultas, e elaborará un **documento de consultas** no que se describa o procedemento seguido e se xustifique como se toman en consideración as observacións e alegacións realizadas. A este documento anexarase copia dos informes sectoriais emitidos.

A descrición do procedemento de participación e consultas incluírá as datas de publicación dos anuncios da exposición pública e o período no que se realizou; unha relación dos informes sectoriais solicitados, obtivesen ou non resposta, indicando expresamente cales foron recibidos e cales non e o número total de alegación realizadas, indicando cantas foron integradas na súa totalidade, cantas denegadas e cantas integradas parcialmente.



ANEXO II

Organismos consultados e respostas recibidas sobre o Documento de Inicio

O Documento de Inicio someteuse a consultas a todos os compoñentes do Consello Galego de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible (ver artigo 3 do Decreto 387/2009, de 24 de setembro) e ao mesmo tempo inseriuse na páxina web da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas para que o público en xeral fixera comentarios que puideran axudar na redacción do presente Documento de referencia acerca das variables ambientais que poden ser afectadas e os criterios de sustentabilidade aplicables a este Proxecto (<http://aae.medioambiente.xunta.es>).

Recibiuse resposta de Augas de Galicia, e parte das súas suxestións foron integradas nos criterios e condicións específicas que establece este Documento de referencia.

Así mesmo, incorporouse o informe de residuos, elaborado pola Subdirección Xeral de Calidade Ambiental, no presente Documento de referencia.